


mostrart

ARTESANÍA  DE GALICIA



>NOTA DE PRENSA

A Coruña 30/07/11

Tres finalistas galegos dos Premios Nacionais de Artesanía participan en Mostrart 2011

Tres finalistas galegos dos Premios Nacionais de Artesanía participan na XXVII edición de Mostrart, a feira de artesanía máis importante de Galicia e con maior número de expositores que foi inaugurada hoxe nos xardíns de Méndez Núñez da cidade da Coruña e permanecerá aberta ata o 15 de agosto.

A feria conta coa presenza de Elena Ferro, finalista na categoría Premio Producto; Otero Regal, finalista na categoría Premio Promociona para entidades privadas polo Complexo Regal-Xunqueira (Viveiro, Lugo) e a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, como Premio Promociona para entidades públicas, que forman parte do total de 58 expositores (algúns deles participan só ata o día 7 e outros do 8 ó 15 de agosto). Todos proceden de Galicia, excepto catro invitados que chegan de Ponferrada (León), Barasona (Huesca), e dous de Zaragoza, e participan por primeira vez 8 novos artesáns.

Durante a inauguración a directora xeral de Comercio, Nava Castro, destacou as posibilidades económicas e de emprego que supón a artesanía para a Comunidade, e o empeño da Xunta na promoción da marca Artesanía de Galicia tanto a nivel nacional como internacional, e lembrou que cinco artesáns e institucións galegas son finalistas nesta edición dos Premios Nacionais de Artesanía que se darán a coñecer en novembro.

Pola súa parte o alcalde da cidade, Carlos Negreira, resaltou o potencial de xeración de emprego dos obradoiros galegos e o traballo artesán como exemplo tamén para os políticos e institucións públicas. A inauguración da feira contou tamén ca presenza da xerente da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, Elena Fabeiro, por parte da Deputación da Coruña a deputada María Dolores Faraldo e dende o concello o concelleiro adxunto do alcalde, Juan de Dios Ruano, a concelleira de cultura, Ana Fernández e a de Emprego e Empresa, María Luisa Cid.

Mostrart está organizada pola Asociación Galega de Artesáns, e conta ca colaboración do Concello de A Coruña, a Deputación Provincial da Coruña, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña, a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e a Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Na páxina www.mostrart.org pódese acceder ó listado completo de expositores con todos os seus datos, ou consultar o enlace de Googlemaps para coñecer a localización exacta da feira, ademáis do histórico dos catro últimos anos, [documentación](#) e a [imaxen](#) gráfica da feira.

Horario: de 11 a 14 e de 17:30 a 22 h

T **981 293 688** (de 9 a 14 h) · M **639 953 401** (Manuel González)

www.galegdeartesans.org